

Delegación de Pastoral da Saúde

PS

Delegado: D. Jesús Martínez Carracedo
Subdelegado: D. J. Benito Rgrez. Guerreiro
carracedo@libero.it * juberogue@gmail.com

Obxectivo xeral

A Eucaristía, fonte e cumio da caridade cos enfermos, prioridade nas súas casas, residencias e hospitais.

Obxectivos específicos

1. *Motivar, formar e acompañar aos axentes de pastoral da saúde.*
2. *Promover que as familias e cada comunidade valoren activamente o misterio eucarístico da “Palabra e a Comunión aos enfermos”.*
3. *Potenciar que as parroquias organicen o servizo aos enfermos coordinados coa Delegación de Pastoral da Saúde.*
4. *Procurar achegar este servizo pastoral da eucaristía a todas as residencias asistenciais de maiores, pensando tamén no persoal que traballa nelas.*
5. *Agradecer e dar a coñecer as congregacións e institucións que se distinguen polo seu compromiso na atención integral ao enfermo na Diocese.*
6. *Crear algún “centro de escoita gratuita” en Vigo, e localidades cabeceira de zona (por exemplo: Salceda, Ramallosa).*

Accións propostas para o curso 2016/17:

DIMENSIÓN KERIGMÁTICA (ANUNCIO)

- Difundir, entre os axentes pastorais e enfermos, os materiais da Conferencia e da Delegación sobre o tema proposto para este ano: “*Pastoral da saúde e ecoloxía integral*” a equipos parroquiais, voluntarios, capeláns, prosac. E tamén aqueles que xa foron editados en anos pasados sobre o tema da Eucaristía.
- Centrar a Xornada diocesana de pastoral da saúde no tema deste ano da CEE: a Prevención, dende a clave de Laudato Si.
- Programar un Curso de formación en “*Counselling: Actitudes e habilidades de relación de axuda no duelo*” para formar voluntarios para os centros de escoita gratuita.

DIMENSIÓN LITÚRXICA

- Facilitar subsidios litúrxicos para as celebracións da Xornada Mundial do Enfermo (11 de febreiro) e a Pascua do enfermo (21 de maio).
- Editar subsidio litúrxico: orar con e polos enfermos nas novenas e festas.

- Elaborar e difundir un díptico nas parroquias que axude a animar a celebrar os sacramentos dos enfermos nas súas casas (Reconciliación, Unción e Eucaristía) ou comunitariamente a Unción.
- Ofertar encontros de oración e formación para personal hospitalario, voluntarios e empregados asistenciais.
- Facilitar horarios de misas e programas de formación Cristiá emitidos por TV, Radio e Internet aos enfermos, ben sexa no hospital, en residencias ou nas súas casas.

DIMENSIÓN CARITATIVA

- Crear equipos parroquiais de pastoral da saúde nas parroquias de Vigo e na capital de concello, onde aínda non existan.
- Animar aos equipos parroquiais a amosar ás súas comunidades parroquiais a realidade do sufrimento, que resposta dan e ofrecen, con qué medios contan e precisan.
- Elaborar e distribuír a cada enfermo dos hospitais unha “tarxeta de presentación” dos servizos relixiosos.

DIMENSIÓN DA COMUNIÓN

- Ampliar o Equipo diocesano de Pastoral da Saúde, no primeiro trimestre de curso, que sexa representativo, integrado por capeláns, consagrados e laicos (persoal hospitalario, empregados nas residencias, voluntario dos equipos parroquiais constituídos).
- Xornada de estudo con arcepresbiteros e capeláns para mellorar a relación entre parroquias e hospital: novo hospital, lei de protección de datos, atención espiritual e autonomía dos enfermos.

Datas

CELEBRACIÓNS específicas:

- *11 de febreiro*: Xornada Mundial do Enfermo. Eucaristía para axentes de pastoral da saúde. (Parroquia Ntra Sra de Lourdes de Mondariz-Balneario).
- 21 de maio (VI domingo de Pascua). Pascua do enfermo a nivel parroquial. Misa en directo pola TVG (indicarase máis adiante o lugar dende onde se celebrará).

EQUIPOS PARROQUIAS E VOLUNTARIOS PS

- *05 de outubro*: Reunión diocesana. Siervas de Xesús (17,00 h.).
- Outros encontros: *15 de decembro, 19 de xaneiro, 26 de abril, 14 de xuño*.
- *11 de febreiro*: Xornada diocesana de formación. Tema: “Pastoral da saúde e ecoloxía integral”. Locais da parroquia N^a S^a de Lourdes de Mondariz-Balneario.

PÁRROCOS E CAPELÁNS DE HOSPITAIS E RESIDENCIAS

- 13 de febreiro (luns): xornada de estudo arciprestes/capeláns para mellorar a relación entre parroquias e hospital: *novo hospital, lei de protección de datos, atención espiritual e autonomía dos enfermos*. No Seminario de Vigo.
- 30 de xaneiro (luns): *Xornada Interdiocesana de Servizos de Asistencia Relixiosa Hospitalaria de Galicia (SARHs), para capeláns e demais membros do servizo. En Santiago (casa de exercicios) (10,00-15,00)*

PROFESIONAIS SANITARIOS (PROSAC)

- 1 de abril (sabado). *Convocatoria para sanitarios en centros asistenciais públicos e privados para achegar o traballo pastoral da Delegación.*
- 21 a 23 de abril de 2017. *Xornadas nacionais de PROSAC, en Tarazona (Zaragoza) "Misericordiosos en un mundo necesitado de misericordia". (www.sanitarioscristianos.com)*